**4** **Clasifica estas palabras nas categorías propostas.**

cosmonauta • meteorito • foguete • nave • galaxia
tripulante • asteroide • transbordador • astronauta



**Son persoas**

cosmonauta
tripulante
astronauta



**Son vehículos**

foguete
nave
transbordador



**Son elementos do universo**

meteorito
galaxia
asteroide

**5** **Marca a oración de cada parella en que a palabra destacada se utiliza cun sentido figurado.**

- [ ] Antes ía **sol**, pero agora está nubrado e vai frío.
- [x] Meu irmán é un **sol**: sempre me axuda a facer os deberes.

- [x] A Luís todo lle sae ben; naceu con boa **estrela**.
- [ ] Coa axuda do telescopio, puidemos ver unha **estrela** fugaz.

- [ ] A nave **atravesa** o espazo a toda velocidade.
- [x] Baixaron as vendas e a empresa **atravesa** un mal momento.

- [x] Os ordenadores e a internet ofrécennos un **mundo** de posibilidades.
- [ ] Gustaríame ser astronauta e contemplar o noso **mundo** desde o espazo.



**6** **Relaciona cada palabra da actividade anterior co seu sentido figurado.**

| | |
|---|---|
| sol | Pasar por unhas circunstancias determinadas. |
| estrela | Persoa encantadora, que ten un carácter agradable. |
| atravesar | Gran cantidade de algo. |
| mundo | Destino, sorte. |